

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO VI

CAPITULO 1

Programa de actuación



1.	INTRODUCCIÓN	05
2.	ACTUACIÓNS DE COOPERACIÓN E COORDINACIÓN COAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E ENTIDADES CON INCIDENCIA NO EIDO LITORAL.....	06
	2.1. Desenvolvemento do Convenio suscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galicia para a xestión integrada do litoral	06
	2.2. Para a integración dos recursos aplicados en políticas de desenvolvemento económico e social	06
	2.3. Para a transferencia de coñecemento e boas prácticas na xestión das áreas litorais	06
3.	ACTUACIÓNS ORIENTADAS Á PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS E PATRIMONIAIS EXISTENTES NO ÁMBITO DO PLAN DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	06
	3.1. Rexeneración de zonas degradadas ou non integradas.....	06
	3.2. Mellora de espazos de especial valor paisaxístico	06
	3.3. Xestión de espazos protexidos	06
	3.4. Posta en valor dos elementos culturais	06
4.	ACTUACIÓNS ORIENTADAS A SUPLIR DÉFICITS EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS	07
	4.1. Estudos para a integración paisaxística das infraestruturas.....	07
	4.2. Plan de mobilidade sustentable do litoral	07

5.	ACTUACIÓNS PARA O FOMENTO DO COÑECEMENTO E REGULACIÓN DO USO PÚBLICO DO ESPAZO LITORAL.....	07
	5.1. Plan de espazos turísticos sustentables	07
	5.2. Recuperación de sendas tradicionais para percorridos litorais alternativos.	07
	5.3. Plan de usos de praias urbanas.....	07
	5.4. Proxecto interdisciplinar para a incorporación da paisaxe como materia dos ciclos educativos (art. 14.2 da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia)	07
	5.5. Habilitación de puntos de observación da paisaxe	07
6.	ACTUACIÓNS DE FOMENTO DO COÑECEMENTO ORIENTADAS Á INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN TÉCNICA E CIENTÍFICA.....	07
7.	ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN E INVESTIGACIÓN DA PAISAXE LITORAL.....	07
	7.1. Elaboración dos Catálogos de paisaxe litoral.	07
	7.2. Elaboración das Directrices de paisaxe litoral.	07
	7.3. Plan de divulgación e sensibilización das paisaxes litorais.	07
	7.4. Guía de criterios de integración paisaxística de sectores de actividade económica, parques empresariais, áreas industriais e instalacións acuícolas..	07



VI.1.01

Costa de Ribadeo. Mariña Lucense.

1. INTRODUCCIÓN

Tal e como se explicou no capítulo destinado ao marco sostido, non é obrigatoria nin tampouco necesaria a inclusión do estudo económico-financeiro, informe de sostibilidade económica ou outro documento cunha finalidade semellante.

O POL, como xa se viu, é un plan territorial que non ten efectos inmediatos de carácter económico, non supón expropiación nin proxecto de urbanización ou obra ningunha.

O POL é o marco das políticas con incidencia no territorio e, desde ese punto de vista, o seu interese reside na análise do territorio efectuado, o modelo proposto e a súa coordinación e integración co resto das políticas con implicación territorial a todas as escalas (estatal, autonómica e local).

Para a consecución dos obxectivos do presente Plan territorial integrado proponse un Programa de Actuación que recolle as principais intervencións a executar no seu eido, así coma as accións máis importantes para o seu desenvolvemento.

Proponse un programa de actuación como instrumento para alcanzar os obxectivos deste PTI e baseado na formulación "funcionamento mediante cumprimento de obxectivos", adaptado ás singularidades da administración pública coma órgano executor das políticas de goberno.

Un programa de actuación que se incardina na gobernación coma modelo de xestión dun ámbito, o litoral, no que interactúan múltiples axentes que teñen que coordinarse para dar resposta coherente ao binomio Ecosistemas e Políticas Públicas e integrar, deste xeito, medio natural, economía, sociedade e goberno.

Os recursos naturais, no territorio definido polo POL como ámbito litoral, están comprometidos polas actividades e usos que nas últimas décadas se viñeron desenvolvendo polos procesos sociais e económicos e precisan dunha nova ética da sociedade que conduza á aceptación dos retos derivados da diagnose obtida do estudo. Isto só poderá xerarse a partir da transferencia do coñecemento científico á sociedade contando co compromiso das políticas públicas.

A necesidade de dar unha resposta que integre desenvolvemento económico e protección dos recursos naturais, xerou unha nova forma de enfrontar este reto. Algo que vai máis alá do que se denominou internacionalmente como xestión integrada das áreas litorais. Unha xestión que involucra a toda a sociedade e á natureza. Unha xestión dos “humanos” e “non humanos”, unha auténtica política da paisaxe, integrada dentro das políticas de

ordenación do territorio. Un modelo capaz de asumir, ao mesmo tempo a protección do litoral, o desenvolvemento económico e a mellora da calidade de vida.

As políticas públicas na xestión do territorio, deberán reunir e integrar ineludiblemente tres elementos: ciencia, economía e sociedade; e desenvolver unha metodoloxía baseada en ciclos sucesivos que conteñan as seguintes fases: diagnose da situación, adopción de decisións, implantación de accións e avaliación de resultados.

Recoñécese como ingrediente básico para a consecución de obxectivos, a coordinación de todos os axentes que actúan sobre o territorio definido polo POL incluíndo aqueles que aparentemente o fan sobre terreos afastados, pero que actúan indirectamente sobre este, como son todas aquelas accións que chegan á zona costeira a través dos ríos, cando estes se converten en elementos para a eliminación de residuos ou en elementos para o aproveitamento enerxético.

No marco social actual, é coñecida a tendencia decrecente da confianza social na capacidade directiva dos gobernos. Considérase de máxima importancia, para alcanzar os obxectivos deste POL, aumentar a confianza social neste aspecto, así coma nas súas propias capacidades e responsabilidades. Unha nova ética de toda a sociedade, que implique a aceptación de retos derivados da situación comprometida dos recursos naturais e que sen dúbida ha levar á redefinición do papel das administracións públicas como líderes de e para este cambio.

Vimos tamén como desde o comezo na redacción e tramitación do POL se prestou especial atención ao consenso e á participación desde o convencemento de que un plan non é nada se non hai vontade de cumprilo.

A transparencia na xestión e a participación cidadá han ser elementos básicos na xestión das zonas litorais e desde este programa de actuación, apóstase pola implantación de accións concretas, que deberán completarse ao longo do proceso participativo que leva á tramitación deste documento, para abrir canles áxiles de coñecemento, seguimento e diálogo das actuacións propostas.

É obxectivo específico deste Programa de Actuación fomentar os procesos de cooperación e coordinación entre as distintas administracións e entidades con incidencia no eido litoral. Para iso proponse levar a cabo a adquisición de compromisos cos distintos operadores no eido litoral.

Considérase que, para que estes obxectivos poidan alcanzarse, as accións deben incardinarse en concretos programas que as caractericen e que atinxan as distintas facetas da acción pública. Estas actuacións poderán levarse a cabo mediante a elaboración dun Programa coordinado de actuación (instrumentos recollidos na Lei 10/1995, de 23 de decembro, de ordenación do territorio de Galicia.

2. ACTUACIÓNS DE COOPERACIÓN E COORDINACIÓN COAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E ENTIDADES CON INCIDENCIA NO EIDO LITORAL.

2.1. Desenvolvemento do Convenio subscrito entre o Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño e a Xunta de Galicia para a xestión integrada do litoral:

- Aprobación dos expedientes de deslinde do dominio público marítimo-terrestre e a súa zona de servidume de protección.
- Subscrición de convenios específicos cos Concellos para abordar actuacións complexas para a transformación de ámbitos costeiros, con obxecto de adecuar o dominio público marítimo-terrestre e as súas zonas de servidume, aos obxectivos de protección e mellora do litoral, preservando os seus valores ambientais, así como o uso público do litoral, realizando unha ordenación e xestión integrada do litoral que asegure a sustentabilidade ambiental do mesmo.
- Delimitación pormenorizada de zonas ambientalmente sensibles e espazos de especial interese paisaxístico.

2.2. Para a integración dos recursos aplicados en políticas de desenvolvemento económico e social:

- Plan coordinado de actuación para a programación de actuacións no ámbito litoral, tendo en conta as distintas competencias concorrentes.
- Convenio coa Administración xeral do Estado, Deputacións e Concellos para o desenvolvemento do Plan de mobilidade sustentable no litoral.
- Convenio cos Concellos para o impulso e xestión da proposta da Comunidade autónoma para a integración de novos espazos protexidos do litoral na Rede Natura.

2.3. Para a transferencia de coñecemento e boas prácticas na xestión das áreas litorais.

- Integración na rede nacional e internacional de XIZC (xestión integrada de zonas costeiras).

3. ACTUACIÓNS ORIENTADAS Á PROTECCIÓN DOS VALORES NATURAIS E PATRIMONIAIS EXISTENTES NO ÁMBITO DO PLAN DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO:

3.1. Rexeneración de zonas degradadas ou non integradas:

- Recuperación paisaxística dos sistemas praia-duna conforme aos criterios recolleitos no POL e no Anexo 3 do mesmo.
- Actuacións de mellora e rexeneración das praias e a súa contorna conforme aos criterios recolleitos no POL e no Anexo 3 do mesmo.
- Guía de boas prácticas de Intervención nos sistemas praia duna.
- Recuperación de humidais segundo o plan estratéxico para a conservación e uso racional dos humidais.
- Restauración e protección de marismas.

3.2. Mellora de espazos de especial valor paisaxístico:

- Estudo para a elaboración de criterios nas actuacións de mellora sobre os espazos de interese paisaxístico definidos no POL no seu Anexo 1.

3.3. Xestión de espazos protexidos:

- Ampliación de espazos protexidos e integración en Rede Natura ou rede de espazos protexidos da Comunidade Autónoma.
- Actuacións de mellora na Área de protección ambiental
- Inclúe a elaboración de directrices sobre salvagarda dos valores ambientais e ecosistemas costeiros planificando o uso público da rede de espazos protexidos, así como o documento técnico para a xestión destes espazos.

3.4. Posta en valor dos elementos culturais:

- Posta en valor de elementos identitarios do litoral.
- Recualificación da fachada marítima urbana/rural litoral.
- Delimitación dos tramos de fachada marítima a consolidar, en virtude da disposición transitoria terceira da Lei de Costas.
- Elaboración de plans especiais para a consolidación da fachada marítima dos Núcleos de identidade do litoral.
- Redacción de estudos de integración paisaxística e Plans especiais dos Ámbitos de recualificación.

4. ACTUACIÓNS ORIENTADAS A SUPLIR DÉFICITS EN MATERIA DE INFRAESTRUTURAS:

4.1. Estudos para a integración paisaxística das infraestruturas.

- Estudos de integración paisaxísticas dos proxectos incluídos no plan MOVE.
- Guía de Criterios de Integración Paisaxística de infraestruturas e accesos a núcleos urbanos.
- Estudos de integración paisaxística do plan de saneamento integral das rías.

4.2. Plan de mobilidade sustentable do litoral.

5. ACTUACIÓNS PARA O FOMENTO DO COÑECEMENTO E REGULACIÓN DO USO PÚBLICO DO ESPAZO LITORAL.

5.1. Plan de espazos turísticos sustentables:

- Inclúe a elaboración de directrices sobre as infraestruturas e equipamentos colectivos para as actividades e espazos turísticos en función da identificación das necesidades detectadas.
- Inclúe a elaboración de directrices sobre a planificación de espazos turísticos e a súa relación co medio urbano.
- Inclúe a elaboración de directrices sobre o patrimonio cultural e o turismo propondo criterios para a creación e tratamento de rutas temáticas (ruta do viño, ruta de mosteiros, ruta dos pazos, rutas culturais), parques culturais ou de dinamización turística do patrimonio arqueolóxico litoral –castrexo, industrial.

5.2. Recuperación de sendas tradicionais para percorridos litorais alternativos.

- Plan ou Plans especiais que desenvolvan a Senda dos Faros.
- Sendas en corredores.

5.3. Plan de usos de praias urbanas.

- Programas de Accesibilidade.

5.4. Proxecto interdisciplinar para a incorporación da paisaxe como materia dos ciclos educativos (art. 14.2 da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia).

- Elaboración de materiais educativos.
- Talleres de formación do alumnado e profesorado.

5.5. Habilitación de puntos de observación da paisaxe.

- Proxectos e actuacións.
- Material de interpretación das paisaxes.

6. ACTUACIÓNS DE FOMENTO DO COÑECEMENTO ORIENTADAS Á INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN TÉCNICA E CIENTÍFICA:

- Plan de investigación científica sobre as repercusións das actividades tradicionais ou contemporáneas na conservación dos valores ecolóxicos. Inclúirá sistema de monitorización de resultados e avaliación dos mesmos.
- Web para a xestión coordinada do plan de actuación proposto.

7. ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN E INVESTIGACIÓN DA PAISAXE LITORAL

7.1. Elaboración dos Catálogos de Paisaxe Litoral.

7.2. Elaboración das Directrices de Paisaxe Litoral.

7.3. Plan de divulgación e sensibilización das paisaxes litorais.

7.4. Guía de Criterios de Integración Paisaxística de sectores de actividade económica, parques empresariais, áreas industriais e instalacións acuícolas.

Cada un dos subprogramas recollerá os obxectivos xerais e específicos que persegue así como o conxunto de actuacións que comprende. As accións formalízanse como plans específicos que darán lugar a accións concretas. Estas actuacións poden ser complementarias ás que se indican en cada unidade de paisaxe, ou ser o marco no que se encadran estas accións ou estratexias definidas no POL.

